

## SESIÓ NS DE COÑECEMENTO E EDUCACIÓ N DOS CANS

Son obxectivos do Refuxio Municipal de Animais do Concello de Santiago a prevención do abandono de animais de compañía, a promoción de boas prácticas en relación con eles e o fomento de adopcións responsábeis.

Na idea de que promover unha boa relación entre as persoas e os animais de compañía favorece a ambos e pode contribuír a evitar abandonos, o Refuxio desenvolve actividades formativas dirixidas ás persoas que adoptan ou posúen cans, dentro das cales se inclúen as sesións introdutorias ao coñecemento e á educación canina que agora se presentan.

O obxectivo destas sesións é fornecer información acerca dos aspectos relacionados co coidado dos animais e coa convivencia destes nun contorno humano e están dirixidas a todas as persoas que convivan cun can ou teñan previsto adoptalo, ben do Refuxio ou doutra procedencia.

Inicialmente, ofrécense dúas sesións, o domingo 27 de novembro e o sábado 17 de decembro, en horario de mañá, de 10 a 13 horas, que se desenvolverán no propio Refuxio Municipal de Animais, situado en Zarramedo, na parroquia Bando.

A participación nas sesións formativas é gratuíta e é preciso **inscribirse**, entregando cuberta a **folia anexa no Rexistro Xeral** do Concello de Santiago (rúa de Salvador Allende), ata o 23 de novembro (para a primeira sesión) e ata o 13 de decembro (para a segunda sesión). En cada sesión admitiranse 25 participantes, que se seleccionarán pola orde de inscrición. A primeira delas resérvase a voluntarios/as do Refuxio e a adoptantes do Refuxio e completárase con outros solicitantes ata cubrir o número total de prazas dispoñíbeis. Os solicitantes **deberán comprobar a súa admisión** os días 24 e 25 de novembro e 15 e 16 de decembro, chamando ao teléfono 981 54 31 47, entre as 9 e as 14 horas.

### **I Sesión. Domingo 27 de novembro. Dirixida, en primeiro termo, a voluntariado e adoptantes do Refuxio.**

Fases da vida do can (neonatal, transición, socialización, xuvenil, adolescencia).

A elección do cachorro e o seu comportamento.

Control das necesidades fisiolóxicas.

Aseo dos cans.

Proceso de socialización (relación cos nenos, viaxes, etc.).

Profesor: Miguel Alonso Calvo (Adestrador canino. Coordinador técnico da Comisión de Expertos para o Adestramento de Cans da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia.)

### **II Sesión. Sábado 17 de decembro. Dirixida a calquera persoa que conviva ou teña previsto convivir cun can.**

Coñecemento do animal: razas e carácter.

O proceso de aprendizaxe: métodos que cómpre utilizar.

Saúde, hixiene e coidado dos cans.

Problemas dos cans nas cidades.

Profesora: María Sabell Sierra (Especialista en conduta animal)

## FOLLA DE INSCRICIÓN

### SESIÓNS DE COÑECEMENTO E EDUCACIÓN DOS CANS

#### Datos do/a solicitante

APELIDOS _____	
NOME _____	
DOC. IDENTIDADE _____	
ENDEREZO _____	
CÓDIGO POSTAL _____	LOCALIDADE _____
END. ELECTRÓNICO _____	TELÉFONO _____
VOLUNTARIO/A DO REFUXIO	SI _____ NON _____
ADOPTANTE DE CAN DO REFUXIO	SI _____ NON _____

#### Datos do can

CÓDIGO DO MICROCHIP DO CAN (en caso de adoptantes e propietarios) _____
---

#### Sesión que solicita

I SESIÓN, 27 DE NOVEMBRO	_____
II SESIÓN, 17 DE DECEMBRO	_____

Santiago de Compostela, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

(SINATURA)

#### DEPARTAMENTO DE SANIDADE

Consonante o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.